

Consello a miña filla que aínda non naceu

‘Como é posible que Deus sexa tamén Padre, Fillo e Espírito Santo?’, pregunta miña filla (e todos os que non poden explicarse as súas tres facianas). Igual ca a cerdeira, manifesto, cando florece, e arrecende. Coma a muller, manifesto, cando está namorada. Tamén é terra e célula, e arrecende. Igual ca o home, manifesto, cando ama. É estrela e tamén semente, e arrecende. Cando nunha primavera coma esta dexergues a Vía Láctea coa primeira pinga de sangue nas túas braguiñas, comprenderás que é Deus. Daquela non quererás lavalala, non quererás.

Tsvetanka Elénkova